



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

### ANUNCIO

**NOMEAMENTO DE D<sup>a</sup> CRISTINA SANTOS DÍAZ COMO FUNCIONARIA INTERINA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, COORDINADORA SERVIZOS SOCIAIS**

**DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 24 DE XANEIRO DE 2025**

**A Alcaldía ditou en data 24 de xaneiro de 2025, o Decreto que a continuación se transcribe:**

#### **“DECRETO DA ALCALDÍA**

**Asunto:** NOMEAMENTO DE D<sup>a</sup> CRISTINA SANTOS DÍAZ COMO FUNCIONARIA INTERINA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, COORDINADORA SERVIZOS SOCIAIS.

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2025/G003/000053

**EXPEDIENTE DE ORIXE:** 2023/E001/000012

Vista a necesidade de cubrir temporalmente a praza de COORDINADORA SERVIZOS SOCIAIS, con código 5100, Grupo A2, posto que a persoa titular da mesma ten solicitado desfrutar de asuntos propios, vacacións e permiso de xubilación durante o período do 2 de xaneiro ao 11 de abril de 2025.

Vistas as bases reguladoras publicadas no BOP nº 243 do 22/12/2023 para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionario/a interino/a do grupo A, subgrupo A2, escala de administración especial, subescala técnica: coordinador/a servizos sociais do Concello de Camariñas co obxecto da substitución transitoria durante o tempo estritamente necesario conforme aos motivos sinalados no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Vista a aprobación da bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante o nomeamento de funcionarios interinos da escala de administración especial, subescala técnica, coordinador/a servizos sociais do Concello de Camariñas publicada no BOP nº 49 do 8/3/2025, na que consta a listaxe e orde definitiva de chamamento dos integrantes da mesma.

Resultando que a Base 13 que rexe o procedemento, literalmente regula:

*Realizado o chamamento e presentada a documentación polo interesado a Sra. Alcadesa efectuará o nomeamento, a favor da persoa candidata proposta, como funcionario/a interino/a. O nomeamento deberá ser notificado ao interesado/a, o cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.*

*O cese da persoa funcionaria interina seleccionada producirase pola causas indicadas nas presentes bases mediante a sinatura da correspondente acta de cese. A resolución de nomeamento deberá igualmente ser publicada no taboleiro do Concello co réxime de recursos que proceda.*

Vista a relación de persoal da bolsa de traballo aprobada, na que figura en primeiro lugar D<sup>a</sup> Cristina Santos Díaz.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

Á vista, pois, do exposto e que pola intervención municipal se ten emitido o preceptivo certificado de existencia de crédito é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local,

#### ACORDO:

**Primeiro:** Nomear a D<sup>a</sup> CRISTINA SANTOS DÍAZ, como funcionaria interina da escala de Administración Especial, Subescala Técnica, COORDINADORA SERVIZOS SOCIAIS, polos motivos sinalados no artigo 10. 1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público (TREBEP) é dicir; a substitución transitoria da titular.

**Segundo:** De conformidade coa Base 3<sup>a</sup> que rexe no procedemento de selección para creación da bolsa, o seu cese producirase no momento en que desaparezan as causas que xustificaron o seu nomeamento, sen prexuízo do previsto no art. 63 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

**Terceiro.-** Advertir que de conformidade coa Base 13, D<sup>a</sup> CRISTINA SANTOS DÍAZ, deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.

**Cuarto:** Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas, coa indicación expresa dos recursos que cabe interpor contra presente resolución, a saber, o acordo pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

*Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo 1º Tenente de alcaldesa, (en virtude do Decreto de delegación de funcións emitido pola Sra. alcaldesa Sandra Insua Rial) ante min, a secretaria acumulada, que asino aos únicos efectos de fe pública."*

**Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe polo alcalde en funcións D<sup>a</sup> Sergio Caamaño Fernández.**